

O HIPOPÓTAMO PIGMEO

É da mesma familia do hipopótamo pero é moito máis pequeno. Vive en África e tamén é herbívoro.

Miden entre 1,5 e 1,8 m de longo e de 75 cm a 1 m de alto. Pesan entre 160 e 240 kg, unhas 20 veces menos que o hipopótamo común. Viven arredor de 40 anos.



O período de xestación das femias é de 210 días e teñen 1 fillo de cada vez . Ó nacer, o fillo pesa entre 3 e 5 Kg

A primeiros de século XX pensábase que o hipopótamo pigmeo, tamén chamado hipopótamo anano, non existía e burlábanse dos que crían nas historias que contaban os pigmeos africanos sobre "grandes porcos pelados" que era como eles lle chamaban. Ata que un grupo de cazadores que se adentraron nas selvas ecuatoriais africanas o atoparon.

Ademais de ser máis pequeno que o hipopótamo común, o anano ten a cabeza más redonda e os ollos non son saltóns, coma os do outro hipopótamo. Ten os dedos das patas separados e os dentes más curtos. Vive so ou en parella, nunca en grupo.

Inda que nada ben é un animal máis terrestre que o hipopótamo común. Vive na selva virxe de Guinea, aliméntase de follas, talos e de froitos caídos no chan. Para eles as árbores son básicas porque ademais de servirlle de alimento, agáchase entre elas cando hai perigo.

Dorme de día e aliméntase de noite. É un animal en perigo de extinción inda que se adapta ben a vida dos zoos e reproducese ben en cautividade, polo que é posible manter a especie.

COMPRENSIÓN

1. Contesta

¿Qué outro nome ten o hipopótamo pigmeo?

¿Canto pode pesar un hipopótamo pigmeo?

¿Como lle chamaban os pigmeos africanos ó hipopótamo pigmeo?

Inda que está en perigo de extinción ¿Como se mantén a especie actualmente?

2. Completa:

Mide entre de longo e pode

vivir uns Ata o século XX pensábase

..... Un grupo de

..... adentráronse nas

..... e

É más que o hipopótamo

..... e vive ou

..... , nunca

3. Busca os erros que hai neste texto, sinálaos e logo escríbeo sen erros.

Ademais de ser máis pequeno, ten a cabeza más alongada e os ollos son saltóns, coma os do outro hipopótamo. Ten os dedos das patas separados e os dentes más longos. Vive en grupo.

Vive nos ríos de Guinea, aliméntase de follas, talos e de froitos caídos no chan.

ACTIVIDADES

1. Ordena estas frases

porcos pigmeos contaban historias sobre grandes Os africanos pelados

pequeno más da hipopótamo moito mesma familia do é É pero

2. Lee as seguintes palabras fixando a atención no punto.

Hipopótamo



mergullador



inmersión



Vexetación



membrana



percorrido



Pigmeo



africanos



cazadores



3. Completa este texto coas palabras do recadro.

O é mais pequeno que o
....., ten a
redonda e os ollos son Ten os das patas e os
curtos. Vive so ou en, nunca en
.....

hipopótamo común, non, dedos, separados, cabeza,
parella, grupo, dentes, hipopótamo pigmeo, saíntes

4. Trata de ler estas frases e escríbeas:

O hipopótamo pigmeo é más pequeno que o hipopótamo común

Vive na selva virxe da Guineia e aliméntase de follas


Dorme de día e aliméntase de noite

5. Busca na sopa de letras:

hipopótamo, selva, herbívoro, Guinea, pigmeo, África, extinción

P	E	A	F	R	I	C	A	U	H	O
O	I	R	A	T	I	L	O	S	E	M
S	S	G	O	S	E	M	I	O	R	A
A	S	U	M	S	R	A	F	E	B	T
B	A	I	A	E	E	I	N	A	I	O
A	M	N	N	O	O	A	I	S	V	P
N	S	E	M	A	T	R	A	E	O	O
A	S	A	A	E	D	E	O	D	R	P
E	X	T	I	N	C	I	O	N	O	I
A	O	M	N	I	U	O	R	O	T	H
S	D	E	M	C	S	E	L	V	A	E

6. Atopa 7 diferencias.



**7. Con palabras da seguinte frase (tres, catro,..... todas)
fai ti outras frases con sentido inda que non sexan
verdade. Comparádeas despois entre os compañeiros:**

"Os hipopótamos pigmeos dormen de día e aliméntanse de noite"

Exemplo:

Os hipopótamos aliméntanse de pigmeos.

- 8. Separa as palabras do recadro en tres grupos diferentes tendo en conta o seu significado.**

Anano, orellas, longo, familia, curto, parella,
cabeza, só, rabo, grupo, patas, enorme

1º _____

2º _____

3º _____

- 9. Separa correctamente estas frases:**

O hipopótamo ananoten a cabeza zamáis redonda e os sollos non son saltóns.

.....

.....

É un animal en perigo de extinción inda que se adaptaben a vida dos zoos.

Tenosdedosdaspatasseparadoseosdentesmáiscurtos.

10. Escribe unha historia sobre un hipopótamo voador.